

San Marcos, s/n; 15.318 - Abegondo – (A Coruña); Teléf. 981.669.541

www.marinasbetanzos.org; [blog: http://qdr29.blogspot.com/](http://blog://qdr29.blogspot.com/); info@marinasbetanzos.org

ACTA DA XUNTA DIRECTIVA ORDINARIA DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL “MARIÑAS - BETANZOS”, DO DÍA 10 DE MAIO DE 2010.

En Bergondo, a 10 de maio de 2010, no Local Social de Santa Marta de Babio (Bergondo) sendo as 19.30 horas, e presentes as persoas que a continuación indícanse.

Asistentes:

- o D. Antón Sánchez García, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo*, (Sindicato Labrego Galego).
- o Dna. Pura Ferreño Saia, en representación da *Mesa do sector agrario, gandeiro e cooperativo* (Cooperativa Agraria Provincial da Coruña, S.C.G.).
- o D. José Juan Rico Rodríguez, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultural e Deportiva Val de Aranga).
- o D. Fernando R. Bandín Monteiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Rabo do Galo).
- o D. Lois Anxo Ferreiro Bestilleiro, en representación da *Mesa sectorial de asociacións deportivas, recreativas, de veciños, culturais, Anpas* (Asociación Cultural “Cultura Aberta”).
- o Dna. Concepción Lema Torre, en representación da Mesa do sector da artesanía (Asociación Artesáns As Mariñas).
- o D. José Francisco Castro Vilariño, en representación da *Mesa Sectorial Asociacións e colectivos medioambientais ou actividades na natureza* (Asociación Cultural Libre de Paderne – Roxin Roxal)
- o Dna. Aida Pérez Barredo, en representación da *mesa sectorial Asociacións de empresarios multisectoriais* (Asociación de Empresarios de Culleredo)
- o D. Xosé Uxio Rey Fernández, en representación da mesa do sector institucional (Colexio Oficial de Veterinarios de A Coruña), acompañado por D. Xoan M. Álvarez Llana, Vicepresidente do Colexio.
- o D. José Antonio Santiso Miramontes, Alcalde do Concello de Abegondo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*. Presidente da Asociación.
- o D. Andrés Alberto Porcas Fraga, Concelleiro de infraestruturas do Concello de Betanzos, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- o Dna. Gumersinda Becerra Montes, Concelleira de Turismo e Medio Rural do Concello de Cambre, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- o D. Francisco Quintela Requeijo, Alcalde do Concello de Coirós, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.
- o D. Isidro Taibo Gago, Concelleiro de Promoción Económica e Turismo do Concello de Culleredo, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*.

- o D. Cesar Longo Queijo, Alcalde do Concello de Paderne, en representación da *mesa sectorial das Administracións Locais*. Vicepresidente da Asociación.
- o D. José Francisco Hurtado Durán, en representación da *mesa colectivos de interese social, discapacidade e ONG´s* (ONG Ecos do Sur).
- o D. Jorge M. Blanco Ballón, Xerente Programa LEADER 2007-2013. Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas – Betanzos”.
- o Dna. Concepción Bonome González, técnica do Programa Leader. ADR Mariñas-Betanzos.

A SESIÓN SE TEN DESENVOLTO, CO RESULTADO SEGUINTE:

1. APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Apróbase a Acta da reunión de Xunta directiva do día 12 de abril 2010.

2. INFORME DE NOVIDADES

2.1. Redución orzamento 2009 e medida 431

Tal como se informou na anterior reunión de Xunta Directiva, tense notificado oralmente nunha reunión mantida con AGADER que os gastos da anualidade do ano 2009 que non foron pagados antes do 30 de outubro dese ano, pasan a ser “descomprometidos” directamente por AGADER, ó non estar os fondos propios dispoñibles da Comunidade Autónoma para este ano 2010. En programas anteriores o orzamento non executado e pagado en cada anualidade trasladábase ó ano seguinte.

Esta redución implica para “Mariñas – Betanzos” unha merma no orzamento do ano 2009 de 603.321,06 euros que estaban destinados para proxectos e de 82.693 euros nos gastos de funcionamento.

Dende a Asociación Galega de GDR´s tense solicitado unha reunión co Conselleiro de Medio Rural para ver a posibilidade de incorporar estes fondos nas vindeiras anualidades.

Ó respecto da redución de fondos na Medida 431 (82.639,09.-€), esta redución obriga a reformular a proposta de gasto, sendo imposible afrontar a contratación prevista ata fin de ano doutro técnico/a, tal é como estaba acordado.

O feito de ter que ter todos os gastos pagados antes do 30 de outubro de cada ano, e estar pechados por parte de AGADER os pagos ata o día 01 de maio do ano seguinte, implica sen dúbidas grandes problemas de liquidez. A este respecto, dende AGADER, plantexan como solución anticipar o pago das nóminas do equipo técnico correspondente ós meses de novembro e decembro.

Así mesmo, dende a Asociación Galega de Grupos, prantéxase a posibilidade de abonar unha cota elevada a dita Asociación (aproximadamente 20.000 euros/ano), co obxecto de que ésta puidese abrir unha liña de axudas que tivesen a finalidade de cubrir determinados gastos dos Grupos (financeiros, persoal, etc.).

O presidente da Asociación explica os resultados da entrevista mantida como Secretario da Asociación Galega de Grupos de Desenvolvemento Rural co titular da Consellería do Medio Rural, manifestando que os fondos do ano 2009 poderán incorporarse ao cadro financeiro de Grupo en anos vindeiros, e en función do grado de execución do programa, polo que insta a axilizar o máis posible os trámites de aprobación e execución de expedientes co obxectivo de executar na súa totalidade a anualidade 2010.

Membros da Directiva maniféstanse ao respecto da necesidade de defender os “intereses do rural”, e que os recortes orzamentarios non deberían recaer neste sector tan debilitado.

Utilización dos gastos de funcionamento do orzamento 2008 e dos previstos no expediente L09-43100-29-B001 (Realización actividades de difusión e lanzamento do Programa Leader).

Á vista de que os grupos de desenvolvemento rural de Galicia non poden contar cos fondos non pagados da anualidade 2009 para financiar os gastos de funcionamento do ano 2010, o G.D.R. Mariñas-Betanzos para facer fronte aos gastos de funcionamento do equipo técnico, ten a necesidade de dispoñer de máis fondos.

Por outra banda o G.D.R. Mariñas-Betanzos conta coa resolución de concesión de axuda de Agader para a financiación do expediente L09-43100-29-B001 “Realización de actividades de difusión e lanzamento do Programa Leader 2007-2013” que ascende a 78.500.-€, onde se contempla unha partida para gastos de persoal técnico na divulgación do Programa Leader Galicia 2007-2013 que ascende a 40.500.-€.

O técnico contratado para a realización das actividades de divulgación causa baixa o 30 de novembro de 2009.

Na actualidade, as labores de divulgación, difusión e reunións do Programa LEADER estanse a facer polo Xerente do Programa Leader e o a Auxiliar Administrativo, tales como reunións informativas do Programa LEADER nos Concello de Betanzos, Irixoa e Carral; reunión da mesa sectorial de Asociacións Culturais, elaboración e actualización do blogg, páxina web, boletín informativo e memoria de actividades do ano 2009.

Para poder facer fronte ós pagos dos salarios do Equipo Técnico, e tendo contemplada unha partida para gastos de persoal técnico na divulgación do Programa LEADER cun importe de 40.500 euros, e sendo imposible afrontar unha nova contratación tal é como estaba acordado, se propón que parte das labores de difusión e reunións do Programa LEADER, sexan asumidas polo equipo técnico, co obxecto de poder xustificar o seu salario a través desta partida.

A Xunta Directiva a este respecto, autoriza ó Equipo Técnico do Programa LEADER para que faga os trámites oportunos de solicitar a AGADER o que se detalla a continuación:

1. Autorización para utilizar os fondos existentes dos gastos de funcionamento (medida 431-A) da anualidade 2008 do cadro financeiro do programa Leader Galicia 2007-2013, e que ascenden a 49.417,88.-€, así como os da medida 431-B do ano 2008 (12.354,47.-€).

2. Autorización para poder comprometer expedientes dentro da estratexia (411, 412 e 413), con cargo a anualidade 2008, a activar neste ano 2010.
3. Autorización para financiar os gastos de persoal (salarios e dietas) da técnica de proxectos do equipo técnico cos fondos do expediente L09-43100-29-B001 “Realización de actividades de difusión e lanzamento do Programa Leader 2007-2013”.

3.- SEGUIMIENTO DO PROGRAMA LEADER

3.1. PROXECTOS APROBADOS POR AGADER PROGRAMA LEADER 2007-2013:

3.1.1. SUBMINISTRACIÓN E COLOCACIÓN DE REFUXIOS PARA PARADAS AUTOBÚS INTERURBANO. CONCELLO OLEIROS.

A finais do mes de decembro de 2009 tense remitido a AGADER solicitude de verificación do ICE desfavorable, polo motivos que se detallan a continuación:

- O promotor non cumpre os requisitos indicados no Réxime de Axudas como posible beneficiario para a medida que se encadra no proxecto.
- O proxecto non reúne os requisitos mínimos de carácter innovador para poder ser incluído dentro das liñas de actuación do Programa LEADER.

Con data 01 de marzo de 2010 AGADER ten solicitado ó GDR unha xustificación fundamentada do carácter non innovador deste proxectos, solicitando que se estableza un criterio xeral do Grupo que deberá seguir con todos os proxectos que se presenten, ou a rectificación do carácter desfavorable do ICE polos motivos esgrimidos. Para mellorar o coñecemento do proxecto se ten pedido ao promotor información complementaria ao respecto das accións a desenvolver, que son leídas na reunión.

Á vista de todo isto, a Xunta Directiva ratifícase no carácter non-innovador deste proxecto polos seguintes motivos: “A liña de transporte xa estaba en funcionamento antes da solicitude do expediente, non sendo un servizo de transporte en sí mesmo o propio expediente, se non un completo desa liña preexistente. Ademáis, considérase que non é un proxecto que teña carácter piloto, xa que xa existen desde fai anos liñas de axuda por parte da Deputación Provincial de A Coruña para apoiar estes investimentos na provincia. Sinalar tamén que o concello onde están ubicados os investimentos e onde se prestará o servizo de transporte (Oleiros), non pode ser considerado como unha “zona de baixa densidade de poboación”.

A Xunta Directiva acorda, que se manteña o ICE desfavorable, e que o Equipo Técnico remita a AGADER a xustificación documentada do carácter non-innovador deste proxecto.

3.1.2. AMPLIACIÓN PARA A MELLORA DA XESTIÓN DUN ALMACÉN DE PINTURAS EN CAMBRE.

A finais do mes de decembro de 2009 tense remitido a AGADER solicitude de verificación do ICE desfavorable, polos motivos que se detallan a continuación:

- O promotor non cumpre os requisitos indicados no Réxime de Axudas como posible beneficiario para a medida que se encadra no proxecto.
- O proxecto non reúne os requisitos mínimos de innovación para ser elixible (non existe innovación nunha nova produción nin nun novo proceso produtivo que aporte valor engadido).

Con data 1 de marzo de 2010 AGADER ten solicitado ó GDR unha xustificación fundamentada do carácter non innovador deste proxecto, solicitando que se estableza un criterio xeral do Grupo que deberá seguir con todos os proxectos que se presenten, ou a rectificación do carácter desfavorable do ICE polos motivos esgrimidos.

O día 13 de abril de 2010, a entidade promotora Proinde, S.L., ten remitido un informe á sede do GDR “Mariñas – Betanzos” informando dos aspectos innovadores deste proxecto, e as melloras que se conseguirían cos investimentos propostos:

- Mellora do apartado loxístico da empresa. O aumento da capacidade de almacenamento, conlevará unha redución de costes tanto de transporte como de aprovisionamento, e un menor impacto medioambiental ó reducir consumos e emisións de carburantes.
- Creación dunha zona de carga e descarga propia; sita dentro das instalacións da empresa. Mellorárase desta maneira o proceso de envíos e recepción de mercancias. Mellora das condicións de seguridade no traballo dos operarios.
- Mellora da imaxe da empresa, ó construír unha nave nova e en propiedade. Instalación de novos e mellores equipos informáticos, incluídos un servidor e aparatos SAI. Proceso informático máis avanzado e innovador.
- Sala acondicionada exclusivamente para a realización de cursos e destinada á formación tanto de clientes como do propio persoal da empresa. Isto permitirá unha aposta decidida pola innovación e a mellora dos servizos, baseada na formación continuada do persoal de Proinde.
- Dependencia destinada unicamente para o arquivo; adaptándose desta maneira á lei de protección de datos.
- Dende a entidade promotora, apostan decididamente por unha política de aforro enerxético e coidado do medioambiente. Se instalarán paneis solares e un sistema de iluminación de última xeración denominado “MICROLED”. Os sistemas Microled teñen unha vida nominal, mantendo o fluxo luminoso durante 50.000 horas (entre 10 e 12 anos), mentres que os convencionais teñen unha vida aproximada entre 20.000 e 30.000 horas. Mellorárase considerablemente a eficiencia enerxética, xa que se reduciría o consumo de enerxía e os costes.

Unha vez vistos os aspectos innovadores remitidos pola entidade promotora e a reformulación efectuada do proxecto, a Xunta Directiva acorda que o Equipo Técnico, proceda ao envío do ICE a Agader.

3.1.3. AMPLIACIÓN E MODERNIZACIÓN DE EMPRESA DE SERVIZOS NO MEDIO RURAL.

Con data 25 de maio de 2009 ten entrado no rexistro do G.D.R. “Mariñas – Betanzos” unha solicitude de axuda presentada por Sergio Ares. O proxecto de carácter produtivo consiste na ampliación dunha pequena empresa de servizos no medio rural, centrada no sector forestal, limpeza de montes, recollida de lodos, rozas, regos, etc., a través da compra dun novo tractor para realizar o servizo de recollida de lodos en canteiras.

Está empresa ten a súa sede social na parroquia de Brexo Lema (Concello de Cambre) e realiza ás súas actividades vinculadas ós servizos forestais nos concellos de Abegondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada.

Esta nova actividade que vai desenvolver o promotor precisa dunha nova maquinaria que teña unhas determinadas características técnicas que permitan o desenvolvemento do novo servizo a prestar: para a recollida de lodos nas canteiras é necesario contar cun tractor de maior capacidade e prestacións que ten na actualidade.

Os obxectivos fundamentais deste proxecto son a prestación dun novo servizo na comarca, que é a recollida de lodos nas canteiras. A súa finalidade é poder prestar ditos servizos tanto a particulares, empresas ou entidades da comarca.

O carácter innovador deste proxecto está na prestación deste novo servizo na comarca, necesario para mellorar a xestión da auga. Esta iniciativa leva consigo un compoñente que pode favorecer a innovación co establecemento doutras actividades no territorio e potenciando os recursos endóxenos.

A mellora medioambiental que se consegue a través da prestación de servizos é moi importante. Permite ter os montes limpos, reducindo o risco de incendios. Por outra banda, nas zonas máis rurais, onde non existe rede de sumidoiros, a prestación do servizo de baleirar as fosas sépticas permitirá satisfacer as necesidades dos veciños/as. Esta nova actividade de limpeza de lodos nas canteiras permite unha mellora medioambiental, xa que neste proceso de obtención de area, utilízase auga para o seu lavado. A recollida de lodos nas canteiras permite que a auga utilizada nese circuíto pechado esté en mellores condicións para o seu uso e permite utilizar a mesma cantidade en máis ocasións.

O proxecto contribúe a mellorar o impacto visual na paisaxe e contribúe tamén á mellora dos recursos hídricos. Con esta iniciativa se contribuirá a consolidar o emprego do propio promotor, un mozo menor de 40 anos que leva pouco tempo na actividade.

Os investimentos aceptados son 69.827,59 euros que irán dirixidos á compra do tractor. Os investimentos aceptados son: Compra do tractor : 69.827,59.-€

Con data 27 de abril de 2010, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente presentado polo GDR, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente.

Este proxecto acadou un total de 32 puntos, correspondéndolle un 26% de axuda, resultando un importe de 18.155,17.-€ de axuda, sobre un orzamento total de 69.827,59.-€

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable para este proxecto, baseándose en que contribúe a a consolidar o emprego do propio promotor, así como á mellora medioambiental e da xestión dos recursos hídricos do territorio. Tamén acorda que se envíe dita resolución a AGADER.

3.1.4. NOVA ESCOLA INFANTIL EN A LAGOA – MAIANCA (CONCELLO DE OLEIROS).

Con data 19 de outubro de 2009 ten entrado no rexistro do G.D.R. “Mariñas – Betanzos” unha solicitude de axuda do Concello de Oleiros. Este proxecto de carácter produtivo consiste no acondicionamento dun vello edificio de preescolar municipal en desuso, para adaptalo a escola infantil de nenos de 0 a 3 anos no núcleo de A Lagoa (Maianca). Contempla a rehabilitación do inmovible para a ubicación dunha escola de tres unidades, que posteriormente o Concello de Oleiros pretende sacar a concurso a prestación dos servizos.

Esta escola infantil ofrece os servizos de comedor; transporte; actividades de verán; servizo de orientación psicopedagóxica; inserción laboral de colectivos en situación de risco social e tamén programará actividades complementarias para os nenos/as como poden ser de sensibilización ambiental, potenciación da lingua galega, entre outras.

Con este proxecto se fomenta a conciliación de vida familiar e laboral, contribuíndo á inserción da muller no campo laboral. Se pretende dar un servizo de gardería para as familias de Oleiros, da que hoxe en día existe unha grande demanda, sobre todo pola incorporación das mulleres á actividade laboral. Indirectamente se facilitará a inserción laboral dos pais e nais.

Coa restauración deste vello preescolar municipal, se mellorará a paisaxe e o entorno rural, contribuíndo a facer esta zona máis atractiva turisticamente; ó mesmo tempo que tamén contribuirá a manter e aumentar a poboación no rural a través da creación deste novo servizo de benestar no territorio.

O carácter innovador radica na prestación dun servizo social sito nunha zona rural do Concello de Oleiros, que demanda este servizo. Utilizaranse métodos didácticos innovadores, como educación ambiental, concienciación ecolóxica, reciclaxe.

O número de postos de traballo que se teñen previsto crear ascende a seis persoas. O Concello de Oleiros ten asinado un compromiso de crear como mínimo 5 empregos. Informar que nos pregos que han de rexer tanto a contratación de xestión indirecta da escola como a dos servizos externos (transporte, catering...) serán contempladas cláusulas sociais destinadas a favorecer a inserción sociolaboral de colectivos en situación ou risco de exclusión social (mulleres vítimas de violencia de xénero, persoas con minusvalía, parados de longa duración...).

Os investimentos aceptados ascenden a 355.274,60.-€ que irán dirixidos: Obra Civil : 273.340,00.-€; Gastos xerais e Beneficio Industrial: 51.934,60.-€.; Custos xerais do proxecto e honorarios técnicos: 34.800,00.-€.

Con data 27 de abril de 2010, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” Informe Favorable de AGADER, onde comunican que se procede á verificación do ICE deste expediente presentado polo GDR, para que o Grupo prosiga coa tramitación do expediente. Este proxecto acadou un total de 68 puntos, correspondéndolle un 44% de axuda, resultando un importe de 156.320,82.-€ de axuda, sobre un orzamento total de 355.274,60.-€

A Xunta Directiva acorda unha resolución favorable para este proxecto, baseándose en que vai a prestarse un novo servizo non existente nesta zona do Concello de Oleiros, ó mesmo tempo que contribuirá a fomentar a conciliación da vida familiar e laboral e a mellorar indubidablemente a calidade de vista desta parroquia. Tamén acorda que se envíe dita resolución a AGADER.

3.2. PROXECTOS PRESENTADOS EN ESTUDIO PROGRAMA LEADER 2007-2013:

3.2.1. MEDIDA 411: DINAMIZACIÓN DO SECTOR AGRARIO E FORESTAL

3.2.1.1. Creación granxa cinética para coellos de monte (Oza dos Ríos): : L10-41100-29-0035

Con data 24 de marzo de 2010, ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” solicitude de axuda de María Elena Sánchez dun proxecto de carácter produtivo para a creación dunha granxa de coello galego de monte, na parroquia de Santa Cruz de Mondoí (Oza dos Ríos).

A granxa estaría destinada á crianza de coello autóctono galego, co obxecto de producir animais para Tecores. Se criaríase primeiramente o coello en cautividade para posteriormente pasalo ós parques de adaptación onde estarán en liberdade para que se vaian adaptando ó monte. Se crearíase un posto de traballo a ½ xornada dunha persoa que está desempregada actualmente. Os investimentos ascenderían aproximadamente a 48.000 euros e irían dirixidos a licenzas de obra e permisos; proxecto técnico; cercado da finca con rede; bebedeiros e comedeiros, xaulas, instalación eléctrica e auga; depósitos de auga; construción da granxa e parques de adaptación e compra dunha furgoneta.

O proxecto encaixa na estratexia de innovación rural elaborada polo Grupo, concretamente nas liñas 5.4. (Investimentos para aproveitamentos complementarios do monte) e na 5.7. ((Investimentos cara ó aproveitamento turístico da caza e das actividades cinéticas). Respecto á innovación, esta é a única granxa deste tipo no Concello de Oza dos Ríos, debendo servir de estímulo para mellorar cineticamente os TECORES da zona, incrementando a caza e polo tanto podendo ser empregado isto, coma un atractivo turístico.

Respecto á comarca, existen dúas granxas similares de produción de coellos unha no Concello de Paderne na parroquia de Villosás e outra no Concello de Miño en Carantoña, que foi financiada con fondos AGADER da Fundación Comarcal de Betanzos.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

3.2.2. MEDIDA 413: DIVERSIFICACIÓN DA ECONOMÍA RURAL E MELLORA DA CALIDADE DE VIDA

3.2.2.1. ESTUDIO DE VIABILIDADE DUNHA MARCA DE CALIDADE PARA PLANTA ORNAMENTAL PRODUCIDA NAS “MARIÑAS-BETANZOS”: (L10-4100-29-0038)

Con data 15 de abril del 2010 ten entrado no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos solicitude de axuda para a realización dun Estudo de viabilidade dunha marca de calidade para planta ornamental producida nas “Mariñas-Betanzos”.

O proxecto de carácter produtivo, consiste na realización dun estudo de viabilidade e creación dunha norma de calidade común para planta ornamental, para acadar unha uniformidade e homoxeneidade en canto aos formatos da planta co fin de poder ofrecer planta de diferentes produtores nun mesmo lote aos mercados que demandan moita cantidade, realidade ésta contrastada e moi demandada polo sector.

O promotor do proxecto é a Fundación Juana de Vega, en colaboración con ASPROGA (Asociación de produtores de plantas ornamentais de Galicia) e o INGACAL (Instituto Galego de Calidade Alimentaria). Asproga aglutina case un 85 % da produción de planta ornamental de Galicia e ten interese en este proxecto xa que podería aglutinar diversas producións permitindo atender a demanda actual exterior que na actualidade non é posible, xa que esta produción está atomizada e non responde a estándares comúns.

Esta iniciativa ascende a 55.718,39.- € e comprende os gastos do persoal investigador, os custos da redacción das normas de calidade e prego de condicións dunha Marca de Garantía e a realización de xornadas técnicas de lanzamento e de finalización do proxecto.

O territorio de Mariñas – Betanzos, é unha das grandes zonas de produción que aglutinan a boa parte dos viveiros galegos, estando situada dentro do núcleo Galicia-Norte, destacando os Concellos de Abegondo, Bergondo, Carral, Oleiros, Betanzos e Paderne.

A innovación deste proxecto está na creación dunha Norma de calidade común para toda a planta ornamental, que vai a favorecer a comercialización exterior, e que non existe en Galicia e que sería ben recibida polos produtores e comercializadores. Estas producións terán un estándar común de produción.

Esta iniciativa encaixa na estratexia elaborada polo Grupo, concretamente na medida 2.6. (Investimentos para a produción de planta ornamental).

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

3.2.2.2. CREACIÓN DE RESTAURANTE EN VELOUZÁS (PADERNE) (L10-41300-29-0040).

Con data 30 de abril de 2010 ten entrado no rexistro do G.D.R.Mariñas-Betanzos solicitude de axuda para crear un restaurante no lugar de Sas, parroquia de Velouzás (Paderne).

A promotora do proxecto, M^a Jose Faraldo, rexenta na actualidade unha casa de turismo rural no mesmo lugar onde se vai a ubicar o restaurante. A boa aceptación que está tendo pola clientela, na casa de turismo rural, levoulle a considerar que a creación dun restaurante aumentaría o valor engadido do aloxamento, ademais de ofrecer un servizo máis aos clientes. O restaurante ofrecería pratos típicos galegos utilizando na súa elaboración produtos do territorio e produtos obtidos pola promotora nos seus propios viveiros e hortas.

A promotora levaría directamente a xestión do restaurante, xunto co seu marido e un fillo que ten coñecementos de restauración.

Os investimentos deste proxecto ascenden a 546.432,33.-€ (471.062,36.-€ sen IVE) e consisten na construción do restaurante, amoblamento da cociña e do comedor e menaxe.

O proxecto vai xerar un emprego dunha muller a xornada completa.

A innovación do proxecto radica no ofrecemento dun servizo de restauración no rural que xunto co aloxamento actual contribuirá a potenciar o turismo de natureza, contribuindo a mellorar a calidade de vida das persoas no rural e fixando poboación no rural. Esta iniciativa encaixa na estratexia elaborada polo Grupo, concretamente na liña 3.2. (apoio á creación de servizos para a mellora da calidade de vida no rural).

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

3.2.2.3. CREACIÓN DUN CENTRO DE DÍA (ABEGONDO).(L10-41300-29-0037).

Con data 07 de abril de 2010 ten entrado no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos solicitude de axuda para crear un Centro de día no Concello de Abegondo. O promotor do proxecto é unha sociedade limitada unipersonal de recente creación, “Hogar del Mayor Abegondo S.L.U.”

O proxecto consiste na construción e acondicionamento dun Centro de día con dúas plantas, para dar servizo diurno ós maiores. O Concello de Abegondo conta cun índice de poboación envellecida elevado e na actualidade, non existe este servizo.

Os investimentos deste proxecto ascenden a 418.928,70.-€ (363.152,63.-€ sen IVE) e consisten na construción do Centro de Día e adquisición dun vehículo para o desprazamento dos usuarios que o precisen. O proxecto vai xerar dous empregos de mulleres a xornada completa.

Este proxecto é innovador no Concello de Abegondo, xa que non existe este servizo na actualidade, contribuindo a mellorar a calidade de vida das persoas no rural. Esta iniciativa encaixa na estratexia elaborada polo Grupo, concretamente na liña 3.2. (apoio á creación de servizos para a mellora da calidade de vida no rural). O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

3.2.2.4. CREACIÓN CENTRO DE DÍA DE SERVICIOS DIURNOS EN IRIXOA (L09-41300-29-0008).

Con data 05 de xuño de 2009, ten entrado no rexistro do G.D.R.Mariñas-Betanzos unha solicitude de axuda para a construción dun centro de día en Irixoa, concretamente na parroquia de Coruxou, con capacidade para 25 persoas. O obxecto deste proxecto, será o de prestar servizos diúrnos, de asistencia integral e continuada a maiores nun entorno propicio para o benestar da terceira idade.

A promotora, M^a Carmen Santín, conta con experiencia neste sector, xa que na actualidade ten un centro de día en Pontedeume.

Esta iniciativa de carácter produtivo ascende a 781.088,61.-€ (673.352,25.-€ sen IVE) e comprende a obra civil para a construción do centro de día, así como o equipamento e mobiliario.

O carácter innovador desta iniciativa radica en que este sería o primeiro Centro de Día do Concello de Irixoa, nun concello que actualmente ten unha taxa moi alta de poboación envellecida. O proxecto crearía 6 empregos, todos eles de mulleres, a xornada completa.

Esta iniciativa encaixa na estratexia elaborada polo Grupo, concretamente na liña 3.2. (apoio á creación de servizos para a mellora da calidade de vida no rural). O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

3.2.2.5. AMPLIACIÓN CENTRO DE DÍA CON ZONA DE INTERVENCIÓN MULTISECTORIAL E ZONA INTERACTIVA EN CULLEREDO: (L10-41300-29-0039):

Con data 27 de abril del 2010 ten entrado no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos solicitude de axuda para a ampliación do centro de día con zona de intervención multisensorial e zona interactiva en Castelo (Culleredo).

O proxecto de carácter non produtivo, consiste na creación das infraestructuras necesarias para prover aos usuarios/as dun coñecemento laboral para a súa inserción laboral. As infraestructuras consisten na creación dun taller agrícola con invernadoiro e almacén das ferramentas de xardinería, unha zona de intervención multisensorial (sala Snoezelen, xardíns sensorial e parque con elementos biosaludables) e unha zona interactiva (zona de descanso e outra de xogos).

O promotor do proxecto é ASPANAES (Asociación de pais de persoas con trastorno do espectro autista da provincia da Coruña).

Esta iniciativa ascende a 230.022,19.- € (198.294,99.-€ sen IVE) e comprende a obra civil necesaria para a creación das infraestructuras do proxecto, o mobiliario necesario e o custo da redacción do proxecto.

A innovación deste proxecto se da no enfoque da iniciativa consistente na creación dun centro para a integración laboral das persoas con trastorno do espectro autista, no Concello de Culleredo.

Esta iniciativa encaixa na estratexia elaborada polo Grupo, concretamente na medida 1.5. (Investimentos para a inserción laboral de discapacitados). O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

3.2.2.6. COMPLEXO DE OCIO E RESTAURANTE (CESURAS). (L09-41300-29-0021).

Con data 22 de outubro de 2009, ten entrado no rexistro do G.D.R. Mariñas-Betanzos unha solicitude de axuda para a creación dun restaurante que vai a ofrecer pratos típicos galegos elaborados con produtos do territorio, no lugar da Igrexa, parroquia de Borrifáns do Concello de Cesuras. Esta actividade de restauración vai ir acompañada de actividades lúdicas, polo que o promotor vai a crear un campo de mini-golf cerca de 1.000 metros cadrados para entretenemento dos clientes e deste xeito incrementar o valor engadido da restauración ofrecendo un servizo complementario. Nun futuro, o promotor quere incrementar as actividades lúdico- deportivas.

O restaurante vaise ubicar nunha casa tradicional galega do s.XIX (casa de aldea), propiedade na actualidade da filla do promotor. O promotor, Enrique García estivo traballando na hostalería como camareiro. Na actualidade se encontra no paro, xunto coa súa muller e a súa filla e pretenden levar o negocio para crear o emprego dos tres.

O custo deste proxecto ascende a 587.662,28.-€ (506.605,41.-€ sen IVE) e comprende a obra civil do restaurante, acondicionamento exterior, mobiliario, equipamento, menaxe e a instalación do campo de mini-golf. O proxecto é de carácter produtivo.

A innovación do proxecto radica nos servizos que vai a ofrecer, xa que a restauración vai acompañada de actividades lúdicos-deportivas. Sería o único restaurante do Concello de Cesuras e do territorio das Mariñas-Betanzos que contaría cun campo de mini-golf como actividade complementaria. O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

3.2.2.7. MODERNIZACIÓN INDUSTRIA PARA MELLORAS MEDIOAMBIENTAIS (ARANGA) (L10-41300-29-0034)

Con data 16 de marzo de 2010 ten entrado no rexistro do GDR Mariñas- Betanzos solicitude de axuda para a modernización dunha industria de transformación de madeira para o aproveitamento de subprodutos de biomasa forestal, así como residuos procedentes do proceso produtivo, buscando unha maior eficiencia e aforro enerxético.

A entidade Vales Coruña, S.L. está especializada na fabricación de portas sendo unha das principais empresas do sector estando situada nunha localidade con pouco índice de industrialización (Concello de Aranga). Actualmente ten máis de sesenta traballadores en plantilla, todos eles da comarca.

Este proxecto produtivo consiste no aproveitamento de subprodutos do proceso (astilla fundamentalmente), para xerar vapor e electricidade, que permita mellorar a estrutura de costes e rentabilidade da empresa e

manter unha posición competitiva no mercado a un nivel de expansión e internacionalización da firma. Coa instalación dos novos equipos melloraríase ó rendemento xeral do proceso e se reducirán considerablemente os costes enerxéticos, moi importantes na empresa. Ademais se reutilizarán os residuos xerados no proceso, así como poderá queimar biomasa forestal e outros restos de madeira, coa conseguinte mellora medioambiental, tendo estes procesos unha elevada compoñente innovadora.

Esta iniciativa ascende a 2.900.000.- euros (2.500.000.-€ sen IVE) e comprende fundamentalmente a implantación dunha caldeira de gran potencia e rendemento, silos de almacenamento para alimentación da caldeira, e implantación dun sistema de transporte mediante a instalación dun sistema neumático de transporte dende o triturado, almacenamento e a caldeira. Proxecto de carácter produtivo. Consolidaría os empregos actuais que son 63,87, creando dous novos empregos.

Este proxecto podería servir para “animar” a limpeza da superficie forestal, aproveitando este subproduto. Corresponderíanlle 250.000 euros de axuda.

Esta iniciativa encaixa na estratexia elaborada polo Grupo, concretamente nos puntos 1.2. (Incentivos para a modernización de 1ª e 2ª transformación da madeira); no punto 1.4. (Incentivos para a incorporación de innovacións nas empresas) e no punto 1.7. (Incentivos para a mellora de xestións ambientais das empresas).

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación.

3.2.2.8. REFORMA DE LOCAL PARA AMPLIAR SERVICIOS DA CRUZ VERMELLA

Con data 25 de marzo de 2010 ten entrado no rexistro do GDR “Mariñas – Betanzos” solicitude de axuda para reformar un local, sede da Cruz Vermella Española da Asemblea Comarcal de Betanzos, onde presta servizos a colectivos de distintos concellos do territorio.

Dende a súa constitución, a Asemblea Comarcal de Betanzos carece de sede estable, ocupando espazos que debido as súas características foron quedando inadecuados ás actividades que desenvolven. Na actualidade ocupan un local de titularidade municipal de 60 metros cadrados que albergan oficina, aula de actividades, almacén e aseos. A atención ó público é diaria en horario de mañá e tarde contando cunha educadora social como coordinadora técnica dos programas que se desenvolven, así como unha administrativa a tempo parcial, como apoio ás actividades. Tamén realízanse servizos preventivos no departamento de socorros e emerxencias, tendo a ambulancia a súa sede alí mesmo. Para as actividades formativas externas e internas tense que solicitar aulas ó Concello de Betanzos. De igual xeito o local actual serve de sede á Cruz Vermella da Xuventude, sección xuvenil da institución.

O Concello de Betanzos ten cedido gratuitamente o uso dun inmovible á “Cruz Vermella de Betanzos” sito na Avda. de Linares de Rivas, nº3 en Betanzos. Este inmovible necesita dunha mellora para adecualo ás novas actividades e servizos que que pretende prestar a Cruz Vermella no territorio Mariñas – Betanzos.

Este novo local permitiría ampliar a actividades nos seguintes ámbitos: 1) plan de socorros e emerxencias: permitiría a realización de servizos de transporte sociosanitarios urxente en coordinación co servizo

autonómico do 061; 2) plan de intervención social: apoio socioeducativo á infancia de colectivos en risco de exclusión, ampliando o número de nenos/as e os horarios de atención, xa que actualmente hai lista de espera debido á falta de espazo no actual local. Tamén se realizarían actividades con persoas maiores que presenten mobilidade reducida, xa que o actual local non está adaptado. O novo local será libre de barreira arquitectónicas que permita ás persoas maiores o acceso ó maior número de actividades posibles; centros/oficinas de información integral ó inmigrante; 3) plan de formación: área sanitaria e social: cursos de formación en área sanitaria e social; cursos de formación en área social; talleres dirixidos a coidadores/as non profesionais de persoas maiores 4) Plan de emprego: espazo de busca activa de emprego para colectivos en risco de exclusión socio-laboral. A meirande parte destas actividades prestaranse con persoal voluntario.

Se traballaría con nenos/as de etnia xitana; con persoas maiores con problemas de mobilidade; información integral ó inmigrante que necesite asesoramento nos ámbitos sociais, xurídicos ou de adaptación ó novo país.

A posibilidade de contar cunha sede social ampla e axeitada permitirá ampliar e modernizar o sistema de atención, incrementando e consolidando a rede de recursos e servizos sociocomunitarios, así como actuando como axente dinamizador, mobilizando recursos e mellorando o acceso ós servizos á poboación máis desfavorecida. Tamén contribuirá a potenciar a conciliación de vida familiar e acceso á formación para os colectivos de mulleres, promovendo o uso das novas tecnoloxías, accións que nestes momentos e coa infraestrutura que dispoñen son inasumibles.

Tamén se reforzaría e aumentaría as actividades noutros concellos: Abegondo, Aranga, Bergondo, Betanzos, Cesuras, Coirós, Curtis, Irixoa, Monfero, Oza dos Ríos, Paderne, Sada, Vilarmaior e Vilasantar.

Proxecto de carácter non produtivo, onde os investimentos ascenden aproximadamente a 132.000 euros que irán dirixidos ás obras de reforma e acondicionamento do local, así como á compra de mobiliario.

O proxecto acadaría unha axuda do 50%, que resultarían 61.000 euros de axuda aproximada.

O carácter innovador deste proxecto radica en que os colectivos cos que traballa están en risco de exclusión social e laboral (xitanos, inmigrantes, etc.).

Esta iniciativa encaixa na estratexia elaborada polo Grupo, concretamente nas liñas 3.3. (Actividades para concienciar sobre a igualdade de oportunidades no territorio); na 5.1. (Seminarios de formación específica a emprendedores); e na 3.2. (apoio á implementación de servizos no medio rural). O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación a AGADER.

3.2.2.9. CREACIÓN PERRUQUERÍA NOS CAMPÓS (CAMBRE)

Con data 01 de febreiro de 2010 ten entrado no rexistro do GDR Mariñas-Betanzos unha solicitude de axuda para crear unha empresa adicada á prestación de servizos de perruquería e estética no núcleo de Os Campóns (Concello de Cambre). Se crearía un novo servizo, non existente na actualidade no núcleo, que contribuirá a fixar poboación no rural creando o emprego dunha muller nova.

A promotora, Lucia Santiso, atópase na actualidade en situación de desemprego. Con este proxecto se crearían dous empregos, o propio da promotora e o dunha muller máis.

Os investimentos deste proxecto ascenden a 42.273,05.-€ (36.442,29.-€ sen IVE) que comprenden a obra menor do local en réxime de aluguer, así como o mobiliario e equipamento necesario para a realización da actividade. Este proxecto é innovador no núcleo de poboación onde se vai a ubicar, xa que non existe este servizo. O proxecto é de carácter produtivo. Este proxecto encaixaría na estratexia elaborada polo Grupo, concretamente na media 1.3. Fomento da cultura emprendedora entre xóvenes e mulleres.

O xerente do Programa informa ós asistentes que se procederá a enviar o ICE para a súa verificación.

4. ROGOS E PREGUNTAS

4.1. INFORME DE NOVIDADES

4.1.1. SOLICITUDE DE PROXECTO INSERCIÓN LABORAL

Con data 08 de abril de 2010 ten saído publicado no DOG (nº 65) as Bases Reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica en Galicia de programas integrados para o emprego. O obxectivo deste Programa é a inserción laboral do 35% dos participantes no Programa, fixando o tal de participantes en 20. A duración deste proxecto será aproximadamente de 12 meses e a data de inicio dependerá da resolución por parte da Consellería.

Dende o ano 2010 a Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas-Betanzos” xunto con outros 11 Grupos de Desenvolvemento Rural do resto de España teñen posto en marcha o proxecto de cooperación “Brotos Verdes” cunha duración de 4 anos e que ten coma obxectivo xeral o de “Identificar, ensaiar e difundir cultivos tradicionais e outras novas producións que poidan xerar emprego”.

Coa finalidade de incorporar activos ao traballo agrícola, acompañar e fortalecer as iniciativas (Proxecto “Brotos Verdes”) de recuperación dos cultivos tradicionais no territorio, tense deseñado o programa AGROEMPREGA que vai a ser o programa que consolide a especialización da man de obra nos cultivos levados a cabo a través do proxecto Brotos Verdes, acadando así unha maior profesionalización e a inserción laboral das persoas desempregadas.

“**Agro Emprega**”. Programa para a inserción laboral no sector agrario a través da recuperación de producións agrícolas tradicionais e outras demandas dos mercados.

Orzamento previsto do programa AGROEMPREGA.....93.820,16 €

(nos que inclúense partidas como custos salariais, custo de desprazamentos, medios externos, seguros, gastos xerais, materiais e técnicos).

O Programa “**AGROEMPREGA**” terá coma obxectivo final a integración e inserción laboral de persoas desempregadas no sector agrícola, e concretamente ligado á produción de cultivos tradicionais e novos no territorio de “Mariñas–Betanzos” pero con unha importante demanda dos mercados.

ACCIÓN	DESCRIPCIÓN
ACCIÓN 1	DIFUSIÓN DO PROXECTO E CAPTACIÓN DE PERSOAS PARTICIPANTES
ACCIÓN 2	SELECCIÓN DOS PARTICIPANTES
ACCIÓN 3	DEFINICIÓN DO ITINERARIO, INCORPORACIÓN DOS PARTICIPANTES E INFORMACIÓN SOBRE O PROGRAMA
ACCIÓN 4	TUTORIZACIÓN E ACOMPAÑAMENTO PERSONALIZADO
ACCIÓN 5	FORMACIÓN TEÓRICA E PRÁCTICA LABORAL
ACCIÓN 6	SEGUIMIENTO DA INSERCIÓN LABORAL
ACCIÓN 7	AVALIACIÓN DO PROGRAMA

A Xunta Directiva mostra o seu acordo en que o Equipo Técnico do Programa LEADER realizase os trámites oportunos para presentar esta solicitude, ó mesmo tempo que autoriza ó Presidente da Asociación a tramitación e posta en marcha da mesma.

4.1.2. SOLICITUDE POR PARTE DE ENTIDADES ASOCIADAS DE REVISAR AMBIENTALMENTE PROXECTOS LEADER RELACIONADOS CO MEDIO AMBIENTE.

Os representantes das Asociacións Rabo do Galo e Roxin Roxal de Paderne, membros da Xunta Directiva de Mariñas – Betanzos, solicitan autorización para revisar ambientalmente os expedientes relacionados co Medio Ambiente e que se aproben dentro do LEADER.

A Xunta Directiva acorda que dos proxectos LEADER con implicación ambiental a petición da Xunta Directiva, se faga un pequeno informe por parte da Xerencia do Programa sobre eles e os posibles impactos. Este informe tamén poderá ser realizado por técnicos municipais dos Concellos, como por exemplo a técnica do concello de Abegondo, que o seu alcalde pon a disposición, e buscando deste xeito non incurrir en gastos a maiores.

4.1.3. SOLICITUDE INFORMACIÓN Á DEPUTACIÓN DO PROGRAMA MANDEO.

Os representantes das Asociacións Rabo do Galo e Roxin Roxal de Paderne, membros da Xunta Directiva de Mariñas – Betanzos, solicitan que dende Mariñas – Betanzos se fagan os trámites oportunos para solicitar información ó Presidente da Deputación Provincial de A Coruña sobre a situación actual do Programa

MANDEO, así como explicar á Mesa de Medio Ambiente de dito Programa para que os técnicos da Deputación informen sobre os avances do proxecto. A última reunión convocada pola Deputación foi fai seis meses e piden unha reunión para tratar todos os proxectos relacionados co medio ambiente.

A Xunta Directiva acorda que se solicite a través de correo ordinario aos representantes do Proxecto Mandeo unha reunión para falar da súa evolución e que informen ós representantes do Proxecto da situación actual deste Programa.

Non se produce ningunha outra intervención, dándose por finalizada a reunión da Xunta directiva ás 22.15 horas.

En Bergondo, a 10 de maio de 2010

A Secretaria

Asdo.: Dna. Concepción Lema Torre

Vº e prace O Presidente

Asdo.: D. José A. Santiso Miramontes